

Testamento do Meco 2019



Aquí na escola do Feal
algo bo está sucedendo,
a xente xa non vén en bus
nin tampouco ven correndo.

Voando ven a profe de mates,
lanzando raios a de bioloxía.
Ningún neno do Feal sabe
que é o que pasa neste día.

As titoras son Wonder Woman,
e temos a Supermán por aquí correndo,
ninguén ten nin idea
do que no Feal está acontecendo.

Andrea leva unha capa,
Juan Carlos anteface,
Víctor polas paredes trepando,
isto é certo ou é un disfraz?

Non sabemos se os súper poderes
son a causa da caldeira,
quizais lles afectou o incendio
dunha ou doutra maneira.

Eu que son un tolo dos súper heroes
estou aquí alucinando,
hainos por todas partes,
dando clases e limpando.

Porque mira que emporcades,
maiores e pequenos,
deixade de espallar plásticos
é tempo de pisar os freos.

Que logo vai dicindo Trump
que o cambio climático é mentira,
podemos mandalo á Antártida
a ver se se retira.

Tanto móbil e postureo,
tanto Facebook e Instagram,
a historia e a lingua
lonxe van quedar.

E despois de comer as filloas
e as orellas no recreo
vexo a un cun chisqueiro
e iso, meu amigo, pinta feo.

De Batman vestinme hoxe
mantendo a esperanza
de que algunha alma boa
por pena me salvase.

Pero xa vexo o meu destino certo
o mesmo que todos os anos agarda,
levo comigo as penas
deixádemel queimalas.

Gozade deste día
gozade da compañía,
vémonos de hoxe nun ano
prendede o lume axiña.